www.turismodeourense.gal

@capitaltermal

Concello de OURENSE

ourense capital termal

O Camiño de Santiago

The European Route of Historic Thermal Towns

villas termales

CIUDADES AVE

OURENSE

Un plan perfecto

Ourense
Un plan perfecto

Ourense Capital Termal 3
Ourense Monumental 15
Ourense Natural 25
Ourense Cultural 27
Ourense Infantil 35
Ourense Gastronómico 37
Ourense de compras 39
Camiño de Santiago 40
Con máis tempo 41
Información práctica 43

Dep. Legal: OU 333-2018

Coñecida desde a antigüidade pola abundancia das súas augas mineromedicinais, Ourense é un destino que sorprende a quen o visita. Con esta guía convidámoste a descubrir esta cidade amable e hospitalaria e as experiencias inesquecibles que nela che agardan: mergullarte na historia xunto aos mananciais termais das Burgas, onde naceu a cidade; descubrir as cores do paraíso na súa Catedral; ou gozar dun agradable baño termal en contacto coa natureza, nas beiras do río Miño.

Ourense é a cidade da auga, a Capital Termal de Galicia. É patrimonio e é historia, unha parada imprescindible no Camiño de Santiago, un destino de moda e comercio, cheo de sabor e famoso pola calidade das súas materias primas e os seus viños.

Ourense é,
en definitiva,
#UnPlanPerfecto

Ourense Capital Termal

Ourense non se entende sen a auga: a dos seus ríos, a da choiva, a das fontes... e moi especialmente as súas augas termais mineromedicinais. Baixo a cidade discorre un océano formado nas profundidades da terra, en acuíferos a máis dun quilómetro de profundidade que brotan á superficie en numerosos mananciais, regalando á cidade un dos caudais de auga termal máis importantes de Europa.

A tradición do baño termal acompaña a Ourense desde as súas orixes, e aínda segue a practicarse en numerosas instalacións: termas históricas, piscinas en plena natureza, recintos inspirados na tradición xaponesa do *onsen*...

Estas augas termais ricas en minerais e propiedades terapéuticas son fonte de saúde e beleza: coidan a pel, polo que están indicadas para problemas dermatolóxicos, e son ademais unha forma magnífica de descontraer os músculos, sendo útiles á hora de tratar reumatismos, contracturas...Un recurso único que proporciona unha experiencia de benestar para toda a familia.



Termas e Historia. As Burgas

A historia do termalismo ourensán comeza hai máis de dous mil anos xunto ás fontes das Burgas, no que hoxe é o corazón do centro histórico. Aquí naceu a antiga Aquis Auriensis («augas de ouro»), un asentamento romano formado ao redor destes mananciais termais.

As escavacións realizadas na zona permítennos hoxe recrear a evolución deste espazo desde o seu pasado romano até os nosos días. Mananciais, fontes monumentais, xardíns e vestixios arqueolóxicos forman un conxunto único, declarado Ben de Interese Cultural en 2007, cuxa visita é imprescindible para entender a íntima relación de Ourense coas súas augas termais.

Fontes das Burgas

A silueta da Burga de Abaixo, fonte monumental de estilo neoclásico (s. XIX), é todo un símbolo de Ourense. Construída a modo de ninfeo, consta de dous canos laterais e pila central. Unha placa nun lateral informa da composición das augas, que manan a máis de 60ºC. Xunto á fonte atópase o Fervedoiro, estanque cadrado onde podemos ver a auga burbullar, e rodeándoo uns xardíns que teñen a honra de seren os primeiros cos que contou a cidade.

En oposición á Burga de Abaixo atopamos a Burga de Arriba, unha segunda fonte máis pequena a carón da piscina termal. De factura máis sinxela e popular, é tamén máis antiga (s. XVII).

Piscina termal das Burgas

Esta instalación termal en pleno centro urbano é única na Península: unha lámina de case 200 m^2 de auga ao aire libre que nos permite gozar dun baño contemplando a arte, a historia e os monumentos que nos rodean. Alimentada polas propias augas das Burgas, a temperatura de baño é duns 38º-40º, ofrecendo unha experiencia de relaxación e benestar practicamente do mesmo xeito e no mesmo lugar que o facían os antigos romanos.

A instalación é de acceso gratuíto e conta con vestiarios e consignas. Ademais do baño, é posible gozar da súa sauna húmida ou descansar ao sol na súa terraza. Cómpre acudir con roupa de baño axeitada, toalla e chancletas. Pecha os luns por mantemento.

Centro de Interpretación Arqueolóxico-Termal As Burgas

Un espazo para coñecer o patrimonio arqueolóxico e termal de Ourense, en concreto a longa historia das Burgas e os seus mananciais: a súa orixe, as súas lendas, as súa relación co nacemento da cidade, a súa condición de espazo de culto en tempos romanos, a súa evolución durante a Idade Media ou a súa relación co Camiño de Santiago. Con entrada pola rúa Villar, conta con cinco salas expositivas, unha de lectura e unha de audiovisuais.

A visita complétase cun paseo polo bulevar peonil das Burgas, nas traseiras do centro: unha gran zona verde que funciona como museo ao aire libre. Aquí atopamos tres pozos contemporáneos, unha tumba medieval, estruturas murarias romanas da *balnea* das Burgas e a piscina santuario de *Revve Anabaraego*, datada no século I d. C. e única na Península.

Termas e Natureza. Ruta Termal do Miño

As ribeiras do río Miño constitúen a gran arteria verde da cidade: varios quilómetros de exuberante vexetación polos que pasear, correr ou ir en bicicleta mentres admiramos a natureza e a paisaxe. No seu tramo máis occidental atopamos numerosos mananciais de auga termal, nun percorrido de case catro quilómetros coñecido como a Ruta Termal do Miño.

A Ruta esténdese pola beira dereita do río e nela concéntranse até seis instalacións termais, tanto de pago como de acceso gratuíto, a maioría ao aire libre. Nelas é posible gozar dun baño en contacto coa natureza, mentres nos relaxamos e desconectamos da rutina: de día ou de noite, no inverno ou no verán.

As termas están conectadas por un agradable paseo peonil, aínda que tamén é posible acceder a elas en autobús urbano ou en coche, con aparcadoiros gratuítos habilitados. O Tren das Termas é tamén unha boa alternativa de transporte, con paradas en todas as instalacións. Con saída regular desde a Praza Maior, o billete adquírese ao momento no propio tren.

A Chavasqueira

Inaugura a Ruta este espazo termal nas proximidades da espectacular Ponte do Milenio: uns mananciais que xa eran coñecidos e utilizados no século XIX.

As Termas da Chavasqueira, alimentadas por dous mananciais mineromedicinais, recrean con todo luxo de detalles un onsen, unha casa de baños tradicional xaponesa na que reina un ambiente sosegado e de inspiración zen. Construídas integramente en pedra e madeira, as Termas da Chavasqueira ofrecen un circuíto termal inspirado nas técnicas de baño nipoas, incluíndo ademais baños, masaxes e tratamentos de beleza.

As instalacións abren en horario continuo de mañá e tarde de martes a domingo e contan con servizo de cafetaría. A entrada custa uns 4 €.

A carón do recinto, ao pé do río, existe tamén un conxunto de pequenas piscinas termais ao aire libre, adaptadas para o baño e onde a auga está en torno os 40ºC de temperatura. Son de acceso gratuíto e dispoñen de vestiarios e aseos.

Fonte do Tinteiro

A 500 m da Chavasqueira atopamos este manancial, sen dúbida un dos máis queridos e visitados na cidade. A tradición atribúe a estas augas importantes propiedades terapéuticas, especialmente no coidado das afecciónes da pel.

A fonte, realizada en tradicional ferro forxado, atópase nun miradoiro construído en madeira sobre o leito do río con magníficas vistas da contorna. Trátase dun espazo privilexiado para a observación de aves coma parrulos, garzas, lavandeiras e corvos mariños.

Xusto na beira oposta, no Paseo das Ninfas, atópase a fonte de Reza, alimentada pola mesma veta de auga mineromedicinal.

Muíño da Veiga

Unha acea, un dos poucos muíños tradicionais do Miño que aquí se conservan, dá nome a este espazo termal á beira do río.

O conxunto goza dunha das paisaxes máis fermosas que ofrece o Miño, que forma aquí un meandro onde as augas baixan especialmente plácidas. Cinco termas construídas en pedra, cada unha con diferentes temperaturas, convidan a un baño relaxante en plena natureza, ao arrolo do río e baixo o suave sol de poñente.

Termas de Outariz

Instalación termal inspirada na ancestral cultura do Onsen, baseada nos principios de respecto e harmonía coa natureza.

Con espazo para 180 persoas, este recinto con termas interiores e exteriores propón dous circuítos para o goce dos mananciais: un circuíto zen, de augas calmas, madeira e pedra, deseñado para a relaxación; e un circuíto celta inspirado na arquitectura dos castros, con chorros, burbullas e fervenzas de efecto tonificante. A carta de servizos complétase con saunas, masaxes e tratamentos de beleza previa reserva.

Despois do baño é posible gozar dunha comida lixeira na súa terraza panorámica sobre o río, con servizo de restaurante e cafetaría. O recinto conta tamén cun sushi-bar onde saborear makis e té verde.

Os equipamentos de Termas de Outariz permiten a organización de eventos e reunións, dispondo dunha sala multiuso de gran capacidade, así como unha zona de baño reservada.

Espazo termal de Outariz e Burga de Canedo

A etapa final da Ruta Termal do Miño é tamén o espazo de baño máis grande da cidade. Trátase dun gran parque con pérgolas, randeeiras e zonas de descanso no que atopamos dous conxuntos de termas exteriores, piscinas naturais en pedra nas que gozar das augas ao longo de todo o ano.

Árbores e suave herba arroupan estas termas, con diferentes temperaturas que van desde os máis de 40ºC das máis quentes até as piscinas frías para baños de contraste, todas elas equipadas con aseos e vestiarios.

Unha pasarela peonil conecta a zona coa beira oposta do río, onde se atopa o aparcadoiro gratuíto de Pozas de Maimón, apto para autobuses.

Paseo Termal *Thermal Route / Promenade Thermale / Thermenrundgang*

Horario Instalacións Termais

Os horarios varían de verán a inverno. Recoméndase consultar previamente.

PISCINA DAS BURGAS

Mañás:
De martes a domingo:
10:00 - 13:00
Tardes:
De martes a domingo:
17:00 a 21:00
Luns: pechado por mantemento e limpeza.

TERMAS DE OUTARIZ

988 36 46 50
www.termasoutariz.com

Luns: 10:00 - 00:00
Mércores e xoves:
10:00 - 00:00
Venres e sábado:
10:00 - 02:00
Domingo:
10:00 - 00:00
Martes: pechado por mantemento e limpeza.
Media hora antes do peche abandónanse as instalacións.

TERMAS DA CHAVASQUEIRA

988 21 48 21
www.termaschavasqueira.com

Martes a xoves: 9:30 - 23:30
Venres: 9:30 - 1:30
Sábados e vésperas de festivos:
9:00 - 3:00
Domingos e festivos:
9:00 - 23:30
Luns: pechado por mantemento e limpeza.
Media hora antes do peche abandónanse as instalacións.

Horario do Tren das Termas

TEMPORADA ALTA	
Saídas	
Praza Maior	Outariz
10:00	11:00
11:00	12:00
12:00	13:00
13:00	14:00
16:00	17:00
17:00	18:00
18:00	19:00
19:00	20:00
20:00	21:00

TEMPORADA BAJA	
Saídas	
P. Maior	Outariz
10:00	11:00
12:00	13:00
16:00	17:00
18:00	19:00
20:00*	21:00*

*Só fins de semana

T. 988 510 672
www.urbanosdeourense.es

Ourense Monumental

Ourense presenta un centro histórico de rúas empedradas polas que o viaxeiro poderá acceder a case mil anos de historia. A mellor forma de gozar da zona é perderse polas súas pequenas prazas e sinuosas canellas, contemplando as fachadas monumentais dos seus edificios e relaxándose nos seus xardíns e terrazas. A señorial Alameda, a coqueta praza do Eironciño dos Cabaleiros, a buliciosa Praza do Ferro ou a súa peculiar **Praza Maior** son algúns dos seus recunchos máis emblemáticos.

Fóra da zona monumental, paga a pena camiñar até o parque de San Lázaro, hoxe centro da cidade, percorrendo rúas comerciais coma o Paseo ou Santo Domingo, para achegarse despois á contorna do río Miño e cruzar a Ponte Romana.

O Pazo Oca-Valladares é unhas xoias da arquitectura gótico-renacentista en Galicia. Hoxe é sede da asociación cultural Liceo de Ourense, e o seu fermoso patio central é centro de faladoiros e actividades culturais.

Catedral Basílica de San Martiño

A catedral de San Martiño é talvez o monumento máis destacado da cidade. Construída entre os séculos XII e XIII, é un templo de estilo tardorrománico con influencias cistercienses, aínda que ao longo da súa extensa historia experimentou diversas modificacións e ampliacións.

Se no exterior destacan os seus aires de fortaleza e o espectacular ciborio gótico, no seu interior sobresaen xoias coma o **Pórtico do Paraíso** e a talla do **Santo Cristo**. O primeiro é un fermoso conxunto escultórico que representa a chegada do Xuízo Final. A obra, moi similar ao Pórtico da Gloria compostelán, conserva toda a súa policromía orixinal. O Santo Cristo, á súa vez, é un das iconas da cidade: imaxe gótica á que, segundo conta a tradición, lle crecen o pelo e a barba.

Tamén de interese son a talla románica do Cristo dos Desamparados, no deambulatorio, e o Altar Maior. A visita inclúe ademais a colección de **tesouros da Catedral**, con pezas singulares de gran valor.

O Pórtico do Paraíso, coa súa fermosa policromía, é un dos tesouros máis espléndidos da Catedral.



Claustro de San Francisco

Na parte alta da cidade consérvase o monumental claustro do antigo mosteiro franciscano. Construído no século XIV en estilo románico-gótico, é un dos máis representativos e mellor conservados de Galicia. A súa planta rectangular está definida por columnas pareadas que soportan 63 arcos apuntados. Conta cunha fermosa decoración no arranque dos arcos, capiteis e canzorros, con imaxes de reminiscencias románicas que se centran na idea da loita contra o pecado a través de moi variados motivos ornamentais.

Patrimonio relixioso

A arquitectura eclesiástica repártese por toda a cidade. Entre as igrexas históricas destacan a de **Santa María Nai** coa súa fermosa escalinata, a de Santa Eufemia, a da **Trindade** xunto ao Xardín do Posío e a de Santo Domingo. A igrexa dos Franciscanos, no parque de San Lázaro, formaba parte do antigo convento e foi trasladada pedra a pedra ao seu emprazamento actual nos anos 20.

Por tradición e devoción, cómpre sinalar a capela dos Remedios, situada ao pé da Ponte Romana, e a igrexa de Fátima, no barrio do Couto.

A carón do claustro, o cemiterio gótico de San Francisco, onde descansan poetas, artistas e outros persoeiros da cultura galega.

A igrexa da Santísima Trindade é unha das máis antigas de Ourense. O seu portón de entrada procede do desaparecido Hospital de San Roque (s. XVI), e está decorado con motivos de inspiración xacobea.

A escalinata de Santa María Nai conecta a Praza Maior coa diminuta Praza da Madalena, que foi un antigo cemiterio e mercado de verduras.

Pontes de Ourense

Sobre o río Miño atópase un dos símbolos da cidade: a **Ponte Romana ou Vella**. Foi reconstruída nos séculos XIII e XVII, e da antiga fábrica só conserva parte da súa base.

Esta ponte serve de punto de inicio dun agradable paseo que transcorre polas beiras do Miño, onde tamén se atopan a Ponte Nova, o Viaduto e a Ponte do Milenio, así como varias pasarelas peonís. O ascenso polas escaleiras da **Ponte do Milenio** permite gozar dunha panorámica destas pontes e tamén de parte da cidade.

De estender o noso percorrido polos ríos Lonia, Barbaña ou Barbañica, gozaremos dunha agradable camiñada na que atoparemos outros exemplos de pontes e antigos muíños, como a estilizada ponte medieval do Lonia.

Ourense Natural

A cidade de Ourense está bañada polos ríos Miño, Barbaña, Lonia e Barbañica. Estas marxes fluviais conforman un corredor verde de máis de 20 quilómetros ideal para os amantes da natureza e as actividades ao aire libre. Aquí se sitúan parques tan concorridos coma o **Parque Miño** e o **Parque do Barbaña**, que ademais de polo seu valor natural destacan polos conxuntos escultóricos que albergan. No río Miño existe un itinerario ambiental con paneis explicativos no que se integran a Aula da Natureza e a **Ruta Termal** do Miño. Neste percorrido os amantes da ornitoloxía poderán observar unha gran variedade de aves, como garzas, parrulos ou corvos mariños, así coma os singulares cirrios que aniñan na Ponte Romana. Nas proximidades, no barrio das Lagoas, atópase unha sobreira monumental, catalogada como Árbore Senlleira de Galicia.

A capital conta con parques históricos como son **San Lázaro**, a **Alameda** e o **Xardín do Posío**, que naceu en 1846 como xardín botánico e que conta con pavóns e cisnes como destacados hóspedes.

Dominando a cidade desde a parte alta e a un par de quilómetros do centro sitúase o **Parque Botánico de Montealegre**: un espazo verde de 12.000 m^2 que acolle unha gran variedade de plantas e árbores propias do clima oceánico de influencias mediterráneas. No miradoiro panorámico pódese gozar dunha fermosa vista de Ourense.

Ourense Cultural

Ourense sempre tivo unha relación especial co mundo das artes e a cultura. No seu momento de maior esplendor, a comezos do século XX, chegou a coñecerse como a «Atenas de Galicia» e foi berce da chamada Xeración Nós, intelectuais que lideraron a modernización da cultura galega. Este rico legado quedou plasmado en múltiples referencias a escritores, músicos e artistas que atopamos por toda a cidade, e que podemos descubrir a través de rutas como a da Esmorga, a de Carlos Casares ou a do Ourense literario.

Museos e Salas de Exposicións

A arte na cidade conta con centros de referencia coma o **Museo Municipal**, o Centro Cultural Marcos Valcárcel, o **Centro Municipal José Ángel Valente**, a Sala Afundación ou a **Sala «Escolma de Escultura»** do Museo Arqueolóxico, testemuña do rico legado histórico de Ourense. Espazos para a creatividade en edificios singulares cuxa arquitectura e historia xa merecen unha visita.

A oferta museística incorpora propostas tan variadas coma o Museo da Cornamusa, cunha mostra de gaitas de todo o mundo; o singular belén do Centro Expositivo **Arturo Baltar**; a colección de trens a escala Fernández Pacheco; ou o Museo do Traxe Tradicional Galego, en Santa Cruz de Arrabaldo.

A escena artística complétase con asentadas galerías privadas coma Visol e Marisa Marimón, e as recentes O Cabalo Fosforito, Vai Vai Mr. Can ou Basquiart.

Lecer e Espectáculos

A oferta cultural ten dous referentes: o **Auditorio Municipal** e o coqueto **Teatro Principal**, de aires italianos. Ambos os dous acollen algunhas das principais citas culturais, coma o Festival Internacional de Cine ou as mostras de teatro infantil, universitario e internacional que se suceden ao longo do ano.

No ámbito musical destacan propostas como o **Festival de Jazz de Primavera**, con sede no nostálxico Café Latino, ou o Ourenrock, que reúne a bandas do rock nacionais e internacionais. A música clásica ten tamén protagonismo, co ciclo Enclave de Cámara e o Festival Pórtico do Paraíso.

Os afeccionados á fotografía non deben perderse o Outono Fotográfico, con exposicións e actividades en distintos locais da cidade.

Entidades culturais, asociacións, cafetarías e pubs enriquecen a oferta desta cidade sempre viva, destacando a música en directo do Café Auriense, o Torgal, El Pueblo ou o Jam Session, e a ateigada axenda de centros coma El Cercano ou o Liceo. Tamén destaca o Cineclube Padre Feijóo, que proxecta semanalmente bo cinema independente.

Auditorio Municipal de Ourense

As Madamitas de San Lázaro

Os Maios

Festas de Ourense

Festas

En Ourense o calendario de celebracións esténdese ao longo de todo o ano, combinando eventos tradicionais e populares que enchen a cidade de diversión e colorido.

Entre febreiro e marzo máscaras e charangas invaden a cidade nunha das festas tradicionais máis arraigadas: o **Entroido**. Capital entroideira de Galicia, Ourense estende a súa celebración unha semana enteira, desde o «Xoves de Comadres» até o singular «Enterro da Sardiña», que clausura a festa o Mércores de Cinza.

As **Festas de San Lázaro**, cos seus postos de rosquillas e a senlleira queima das Madamitas, actúan como preludio da Semana Santa e as súas numerosas procesións. Dela destacan os espectaculares pasos que se sacan á rúa eses días con tallas que representan diferentes escenas relixiosas.

O primeiro domingo de maio Ourense celebra os **Maios**, festa de exaltación da natureza, declarada de Interese Turístico, coa que se dá a benvida á primavera. As rúas da cidade énchense de esculturas de madeira recubertas de brión, flores e pólas ao redor das que se cantan as «coplas», cheas de humor e retranca.

En xuño chegan as **Festas Maiores** da cidade, algo máis dunha semana repleta de concertos e actividades para grandes e pequenos. Destacan o colorido desfile de carrozas da Batalla de Flores, que se celebra desde hai máis dun século, e o espectáculo de fogos artificiais sobre o Miño que pecha a semana grande.

O 11 de novembro festéxase o día de San Martiño, patrón da cidade, co tradicional **Magosto**, festa na que a castaña é a protagonista. Amigos e familiares soben a Montealegre para degustar os produtos de tempada ao redor de grandes fogueiras.

Tamén teñen sona as festas dos barrios, especialmente as da Ponte (finais de xullo) e do Couto (mediados de maio).

Entroido

Nos anos 80 Ourense viu nacer a Los Suaves, unha das bandas de rock máis queridas e aclamadas dentro e fóra de España. Poetas do amor, do desengano e da vida, hoxe continúan pondo banda sonora á cidade.

Ourense Infantil

Ourense ofrece unha chea de actividades para viaxar cos máis cativos. Ademais da imprescindible visita ao curioso belén de Arturo Baltar (aberto durante todo o ano), paga a pena achegarse até o **parque ferroviario dos Carrileiros de Foula**, próximo ao Auditorio, para gozar do seu circuíto de trens a escala de case medio quilómetro de vía. Seguindo coa tradición ferroviaria ourensá, hai que visitar tamén a Colección Fernández-Pacheco con máis de 4.000 maquetas de trens, unha das máis grandes de Europa. Atópase no Centro Marcos Valcárcel.

O Auditorio Municipal, a Biblioteca Pública ou o Centro Comercial Ponte Vella programan actividades infantís de forma habitual.



A Oficina Municipal de Turismo dispón de **planos e rutas infantís** para que os nenos se entreteñan mentres descobren a zona histórica e a Ruta Termal do Miño da man de **Martiño** e **Calpurnia**.

Ourense Gastronómico

Algúns dos produtos con máis fama e calidade da cociña galega –carnes, pans e empanadas, patacas, castañas– prodúcense na área de influencia de Ourense, convertendo a cidade nun auténtico destino *gourmet*.

Ao redor da Catedral, as animadas canellas coñecidas coma «**Os Viños**» concentran a oferta de tapas e gastronomía tradicional galega, en tabernas e gastrobares onde clásicos como o polbo á feira comparten protagonismo con outros pratos máis innovadores.

A cidade conta con referencias gastronómicas de primeiro nivel como o Restaurante Nova, cunha Estrela Michelín, ou afamados establecementos como a Adega das Caldas, A Taberna ou Sanmiguel.

Entre as tendas delicatessen atopamos queixerías, panadarías, pastelarías, chocolatarías e tendas de café que farán as delicias dos padais máis esixentes. Mención á parte merecen as viñotecas, xa que Ourense concentra non menos de 4 denominacións de orixe vinícolas: Ribeira Sacra, Valdeorras, Monterrei e Ribeiro, sen dúbida a máis ligada á cidade.

Citas obrigada para os amantes da boa mesa é XANTAR, única feira internacional especializada en gastronomía e turismo gastronómico da Península.

Praza de Abastos

Un maxestoso edificio de 1935 situado nas inmediacións da zona histórica acolle o mercado tradicional da cidade. Se no seu interior se pode atopar gran variedade de produtos frescos de gran calidade (queixo, carne, peixe...) e tendas *gourmet*, no exterior destaca o «rianxo»: postos de froitas e verduras de proximidade ao aire libre. A oferta complétase con florarías, panadarías tradicionais e postos de restauración onde degustar o produto do día.

Os días 7, 17 e 26 de cada mes (pásase ao luns se coincide en domingo), a contorna do mercado énchese de postos de venda ambulante con motivo da feira. Os días 7 e 17, ademais, paga a pena achegarse até o recinto próximo á área termal da Chavasqueira para gozar do polbo e a carne ao caldeiro.

Ourense de compras

A tradición téxtil de Ourense, berce de deseñadores de fama mundial como Adolfo Domínguez, Roberto Verino ou Purificación García, converteu a cidade nun destino comercial de referencia en roupa, calzado e complementos.

Tamén existen espazos para a nostalxia e a produción artesá e independente. Bo exemplo diso son establecementos das rúas Paz, Colón, Lamas Carvajal e das **Tendas** ou a Praza Maior, todos no centro histórico. Na Praza, o primeiro domingo de mes celébrase un concorrido mercado de antigüidades.

Completa a oferta o Centro Comercial Ponte Vella, con propostas en moda, restauración e lecer. Atópase nas proximidades da Ponte Romana.

Camiño de Santiago

A Vía da Prata, trazado do Camiño de Santiago que se inicia no sur da Península Ibérica, ten en Ourense unha das súas principais paradas, moi vinculada historicamente á presenza de augas termais, que hoxe seguen a ser alivio e alegría dos sufridos camiñantes.

A cidade atópase a 100 km de Santiago, percorrido mínimo para acadar a Compostela (documento que acredita a realización do Camiño), razón pola que moitos peregrinos escollen Ourense para iniciar a súa ruta.

O trazado tradicional cruza algún dos puntos máis pintorescos do municipio coma o núcleo de Seixalbo, as fontes termais das Burgas, a Catedral ou a Ponte Romana. Alén do Miño, existen dúas alternativas para abandonar a cidade: o desvío leste pola Avenida de Santiago, que desemboca na aldea de Cudeiro; e o desvío norte pola N-120. É posible tamén facer un terceiro desvío ao oeste pola Ruta Termal do Miño e gozar, antes de continuar o Camiño, dun reconfortante baño. Esta ruta conecta en Quintela co desvío norte.

Con máis tempo

Santomé

A tres quilómetros do centro urbano atópase este complexo arqueolóxico, un dos poucos exemplos da Península onde se pode observar a convivencia da cultura castrexa, de orixe celta, e a galaico-romana. Castro e vila atópanse nun fermoso bosque, magnífico exemplo de flora autóctona, rico en carballos, sobreiras, aciñeiras, piñeiros e érbedos. A súa situación privilexiada sobre o río Lonia proporciona unha espléndida vista sobre a cidade e as «marmitas de xigante» que o río modelou na pedra.

Seixalbo

O núcleo rural de Seixalbo, en pleno Camiño de Santiago, mantén todo o encanto das súas orixes medievais. Declarado Núcleo de Interese Etnográfico, Seixalbo conserva o seu trazado medieval e a arquitectura tradicional labrega, cheo de recunchos e rúas estreitas esperando ser descubertos.

A zona foi terra de xornaleiros dedicados ao cultivo do viño, e os seus veciños teñen a honra de ser os primeiros en toda Galicia en rebelarse contra a Igrexa, propietaria das terras, e conseguir a exención dos foros. Este fito aínda se lembra e homenaxea cada ano cunha festa a finais de xuño.

Santa Cruz de Arrabaldo

Situada nas marxes do río Miño, esta parroquia presenta unha paisaxe salpicada de viñedos da denominación de orixe do Ribeiro, e alberga adegas como a histórica Pazo Casanova, que permite gozar in situ dos seus caldos. Aquí atópanse o Museo do Traxe Tradicional Galego e o Museo Estanislao Reverter, en homenaxe ao creador do veterano Rallye de Ourense, que se celebra cada ano desde hai máis de medio século.

Información práctica

Oficina Municipal de Turismo de Ourense

Rúa Isabel a Católica, 2
Tel: 988 366 064
e-mail:turismo@ourense.es

Axenda de eventos

http://visita.ourense.gal

Horario dos principais monumentos

http://www.turismodeourense.gal/horarios

Transportes

Estación de tren. Avda de Marín s/n. - Tel. 912 320 320
Estación de autobuses. Estrada de Vigo, 1 - Tel. 988 216 027
Teletaxi. Tel. 988 210 011
Autobuses urbanos. Tel. 988 510 672
Tren das Termas. Tel. 988 510 672

Emerxencias: 112

Aloxamento

Hotel CARRIS CARDENAL QUEVEDO ****
Cardenal Quevedo, 28-30 - Tel. 988 375 523

Hotel EUROSTARS AURIENSE ***
O Cumial, 12 - Tel. 988 234 900

Hotel FRANCISCO II ****
Bedoya, 17 – Tel. 988 242 095

Hotel BARCELÓ OURENSE ****
Curros Enriquez, 1. Tel. 988 371 811

Hotel NH OURENSE ****
Celso Emilio Ferreiro, 24 – Tel. 988 601 111

Hotel PRINCESS ***
Av. Habana, 45 - Tel. 988 269 538

Hotel ALTIANA **
Ervedelo,14 – Tel. 988 370 952

Hotel PUENTE ROMANO **
Ramón Puga Noguerol, 56 – Tel. 988 231 520

Hotel NOVO CÁNDIDO **
San Miguel, 14 – Tel. 988 989 125

Hotel SAN ROSENDO **
N-525, Km. 235 – Tel. 988 248 811

Hotel ALDA Estación Ourense *
San Paio, 6 - Tel. 988 091 125

Hotel IRIXO *
Irmáns Villar, 15 – Tel. 988 254 620

Hotel MABÚ *
Ctra de Vigo, 39 - Tel. 988 217 842

Hotel MIÑO *
Xoán XXIII, 2 - Tel. 988 217 594

Hotel SEVERINO *
Xunqueira de Espadañedo, 25 - Tel. 988 249 478

Hotel ZARAMPALLO *
Irmáns Villar, 19 – Tel. 988 220 053

Rúa da Concordia
Santo Domingo
Ramón
Avenida de Buenos
Valle Inclán
Bedoya
FACENDA PÚBLICA
Praza das Mercedes
Rúa do Paseo
Praza do Ferro
DEPUTACIÓN
Doutor Fleming
Emilia Pardo Bazán
AUDITORIO
CLAUSTRO SAN FRANCISCO
BISPADO
CORREOS
ALAMEDA DO CONCELLO
Praza Bispo Cesáreo
CATEDRAL
Praza do Correxidor
CEO
Pza. do Trigo
Praza Maior
MERCADO DE ABASTOS Nº1
Rúa do Progreso
ALBERGUE PEREGRINOS
AS BURGAS
Pza. San Marcial
Pena Trevinca
Praza da Ferrería
Saco e Arce
Praza San Cosmede
Carriarico
IES OTERO PEDRAYO
XARDÍN DO POSÍO
LA MOLINERA
Marcelo Macías
Domingo Fontán
Rúa de A Coruña
1
2
3
4
5
6
7
8
10
11
12
13
14
15
16
17
18